



**ACORDO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE MELLORA
DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS DO PERSOAL
RESIDENTE EN FORMACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE SOBRE A
RETRIBUCIÓN DA ATENCIÓN CONTINUADA**

En Santiago de Compostela ás 14.30 horas do día 24 de Xullo de 2007, logo da convocatoria realizada para tal efecto, reúnen-se os membros da Comisión de Seguimento do Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde que se relacionan á marxe, acadando o seguintes acordos:

ASISTENTES

Pola Administración

Antonio Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

Julio Villar Barreiro
Director xeral da División de Asistencia Sanitaria

Ana Comesaña Álvarez
Subdirectora xeral de Políticas de Persoal

Santiago Ares Martínez
Subdirector xeral de Procesos Asistenciais

Polas Organizacións Sindicais

CIG
Begoña Peiteado Garrido
María Ocampo Fontangordo

CEMSATSE
Cándido Andión Núñez
Guadalupe Perez-Lafuente leiro
Carmen García Rivas

CC.OO.
José Luis Marcos Luaña
Xosé Ramón Lago Bouza
Dolores González Lorenzo

CSI-CSIF
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

UGT
Javier Martínez Fente

O Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde, asinouse o 23 de febreiro de 2007 pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF, e UGT. e foi aprobado por Resolución conxunta da Secretaría Xeral do Sergas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e a División de Asistencia Sanitaria, de 17 de abril de 2007 (DOG número 78, do 23 de abril de 2007).

O 19 de decembro de 2006, a Administración Sanitaria e as organizacións sindicais CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF, UGT e CIG asinaron xunto un acta de fin de negociación do Acordo de Mellora

[Handwritten signatures and notes on the left margin, including 'CIG-SAÚDE' and 'X. Ares']



das Condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación, aprobada por Resolución de 4 de maio de 2007 da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e publicada no DOG nº 92, de 14 de maio de 2007.

O apartado terceiro da citada acta negociación recolle a competencia da Comisión de Seguimento para iniciar o procedemento de adecuación e revisión da retribución da atención continuada do persoal residente en formación, no suposto de que con data 30 de setembro de 2007, as contías acordadas para a retribución continuada resulten inferiores á media nese intre vixente no Sistema Nacional de Saúde.

As contías dos servizos de saúde modificáronse fundamentalmente no primeiro semestre do ano. Así, no remate do ano 2006 asináronse acordos nos que se modificaban as contías a percibir en concepto de atención continuada polo persoal residente en formación de Cataluña, Madrid, e Valencia. No primeiro semestre deste ano 2007, en La Rioja, Cantabria, Castilla la Mancha, Asturias, Andalucía, Aragón, Extremadura, Murcia, Navarra, Castilla y León, Canarias e País Vasco, asinaronse os seus propios acordos para este persoal residente en formación, aplicando novas retribucións da atención continuada en varios servizos, e dende o 1 de xullo de 2007.

A sinatura destes acordos produciu un incremento da media da retribución por este concepto no Sistema Nacional de Saúde, da que serviu de referencia en 2006 para fixar as contías no servizo galego de saúde, si ben foron actualizadas co 7% previsto no acordo con efectos xaneiro 2007.

Na táboa seguinte recóllense as contías que serviron de referencia para o calculo da media:

2007
2000



SERVICIOS DE SAUDE	MIR I		MIR II		MIR III		MIR IV-V		ENTRADA EN VIGOR
	LABORABLE	S/D/Fest.	LABORABLE	S/D/Fest.	LABORABLE	S/D/Fest.	LABORABLE	S/D/Fest.	
ANDALUCÍA	11,50	12,88	12,60	14,11	14,70	16,46	16,50	18,48	xul-07
ARAGÓN	10,00	10,00	11,00	11,00	12,00	12,00	13,00	13,00	mar-07
ASTURIAS	10,00	10,00	10,50	10,50	11,00	11,00	11,00	11,00	abr-07
CANARIAS	9,00	9,00	11,00	11,00	13,00	13,00	15,00	15,00	xul-07
CANTABRIA	10,00	11,00	11,00	12,00	12,00	13,00	14,00	15,00	xan-07
CASTILLA LA MANCHA	10,50	10,50	12,50	12,50	14,00	14,00	16,00	16,00	abr-07
CASTILLA LEÓN	10,50	11,66	12,00	13,33	14,00	15,55	16,00	17,78	xan-07
CATALUÑA	11,50	13,00	13,80	15,60	16,10	18,20	17,25	19,50	xul-06
EXTREMADURA	10,00	11,00	11,00	12,00	12,00	13,00	13,00	14,00	abr-07
LA RIOJA	10,00	10,00	11,00	11,00	12,00	12,00	13,00	13,00	feb-07
MADRID	10,00	12,00	11,40	13,40	13,30	15,30	15,20	17,20	xul-07
MURCIA	11,00	11,00	13,00	13,00	14,50	14,50	16,50	16,50	xan-07
NAVARRA	11,73	11,73	14,08	14,08	16,42	16,42	17,60	17,60	xan-07
PAÍS VASCO	10,08	10,08	11,92	11,92	12,83	12,83	13,75	13,75	xan-07
VALENCIA	11,00	13,00	13,00	15,00	15,00	17,00	17,00	19,00	xan-07

SERVICIOS DE SAUDE	DIPLOMADOS I	DIPLOMADOS II	ENTRADA EN VIGOR
	LABORABLE	LABORABLE	
ANDALUCÍA			xul-07
ARAGÓN	90% DUE	95% DUE	mar-07
ASTURIAS	8,50	8,96	abr-07
CANARIAS	7,50	8,50	xul-07
CANTABRIA	8,50	9,37	xan-07
CASTILLA LA MANCHA	9,00	10,00	abr-07
CASTILLA LEÓN	8,94	10,23	xan-07
CATALUÑA	7,81	8,83	xul-06
EXTREMADURA	8,27	8,67	abr-07
LA RIOJA	85% DUE	90% DUE	feb-07
MADRID			xul-07
MURCIA	8,15	8,65	xan-07
NAVARRA	7,97	9,52	xan-07
PAÍS VASCO			xan-07
VALENCIA	8,50	9,00	xan-07

Non se teñen datos de Andalucía e Madrid, en canto se dispoña deles se incorporarán no cálculo da media. De non dispoñer de ditos datos antes da tramitación deste acordo, se aproba a media realizada co resto.

Quedou
P.O.
Xoán
500



Con base en dito cadro, e sen contar Galicia, calculáronse as contías de retribución 2007 que se recollen neste acordo, incorporando o valor da media do sábado, domingo e festivo ao longo do ano. No se crea un concepto retributivo propio para este días por entender que carece de precedentes nas políticas retributivas do servizo galego de saúde, e que no seu caso deben ser negociadas nun ámbito xeral e non só para un colectivo.

Ademais da subida derivada do cálculo anterior, manténse o incremento previsto no acordo nun porcentaxe anual do 7% para 2008 e 7% para 2009.. Por mor deste acordo diferencianse por primeira vez as retribucións dos MIR III e IV-V, incrementando estes últimos con respecto aos anteriores.

Estas medidas, xunto coa percepción do 100% do salarios previstos para xaneiro de 2008, as retribucións dos residentes en formación teñen un importante incremento retributivo que situará os seus salarios entre os mellor remunerados do sistema.

Con ditos antecedentes a administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CCOO e UXT, e que figuran no cadro ao marxe:

ACORDAN:

- Revisar e adecuar as contías de atención continuada previstas para o persoal residente en formación (referencia: valor hora), nas contías que se expresan a continuación:

[Handwritten signatures and initials]
P. U.
CIG

[Vertical handwritten signatures and initials on the left margin]



		2007		2008		2009	
		PREZO ACTUAL	NOVO IMPORTE ¹	+Δ 7%	+Δ 2%	+Δ 7%	+Δ 2%
MIR I	HORA GARDA	7,90	10,86	11,62	11,85	12,68	12,94
	MÓDULO 17 H	134,30	184,62	197,54	201,49	215,60	219,91
	MÓDULO 24 H	189,60	260,64	278,88	284,46	304,37	310,46
MIR II	HORA GARDA	8,38	12,42	13,29	13,56	14,50	14,79
	MÓDULO 17 H	142,46	211,14	225,92	230,44	246,57	251,50
	MÓDULO 24 H	201,12	298,08	318,95	325,32	348,10	355,06
MIR III	HORA GARDA	8,87	13,98	14,96	15,26	16,33	16,65
	MÓDULO 17 H	150,79	237,66	254,30	259,38	277,54	283,09
	MÓDULO 24 H	212,88	335,52	359,01	366,19	391,82	399,66
MIR IV-V	HORA GARDA	8,87	15,47	16,55	16,88	18,07	18,43
	MÓDULO 17 H	150,79	262,99	281,40	287,03	307,12	313,26
	MÓDULO 24 H	212,88	371,28	397,27	405,21	433,58	442,25
M-B-01	HORA GARDA	6,71	8,86	9,48	9,67	10,34	10,55
	MÓDULO 17 H	114,07	150,58	161,12	164,35	175,85	179,37
	MÓDULO 24 H	161,04	212,59	227,47	232,02	248,26	253,22
M-B-02	HORA GARDA	7,13	9,77	10,46	10,67	11,42	11,64
	MÓDULO 17 H	121,21	166,17	177,81	181,36	194,06	197,94
	MÓDULO 24 H	171,12	234,60	251,02	256,04	273,96	279,44

- A contía establecida para o ano 2007 percibirase para as gardas realizadas a partir de 1 de xullo de 2007.

CIG-SAÚDE

Xord' Pauc
CC

¹ Calculado sobre a media do SNS, engadida a prorrata do prezo de sábados, domingos e festivos.